

**ACTA N.º 13/2014**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 18 DE DECEMBRO**  
**DE 2014**

**ASUNTOS**

*I.- PARTE RESOLUTIVA*

**I.1.- ACTA ANTERIOR**

**I.2.- ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DO CONCELLO DE NIGRÁN**

**I.3.- XUSTIFICACIÓN DAS ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS**

*II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO*

**II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA**

**II.2.- ROGOS E PREGUNTAS**

**ASISTENTES:**

*Grupos:*

**Alcalde-Presidente:**

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

**Concelleiros/as:**

- PP:

- D. Alberto García Pazos
- D.<sup>a</sup> Liliana Silva Pequeño
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Carmen Alonso Macías Jorreto
- D.<sup>a</sup> Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> José Pino Fernández
- D. Antonio Souto Martínez
- D. José Antonio Vidal Meneses

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Araujo Duarte
- D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Martínez Losada
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas
- D.<sup>a</sup> Ana Pérez Pérez

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

- Non Adscrito:

- D. Ignacio Vilas González

---

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

### **Outros datos da sesión:**

- *Data:* Xoves, 18 de decembro de 2014
- *Lugar de celebración:* Salón de actos do edificio administrativo anexo á Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* Ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:03
- *Hora de remate:* 21:06
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 16
- *Número membros non asistentes:* Ningún

### ***Incidencias:***

a) Alteracións no quórum de asistencia:

- *Concelleiros/as que se incorporan durante a sesión, e momento en que o fan:* D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Martínez Losada, durante o debate do punto I.2 da orde do día.
- *Concelleiros/as que abandonan a sesión:* Ningún.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

---

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trattaron os asuntos que seguidamente se describen:

*I.- PARTE RESOLUTIVA*

**I.1.- ACTA ANTERIOR**

*A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 27 de novembro de 2014*


Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

**Votación e acordo.** Sometida á votación a acta da sesión do 27 de novembro de 2014 queda aprobada cos votos a favor dos 16 membros da Corporación presentes.

**I.2.- ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DO CONCELLO DE NIGRÁN**

*A) Ditame da Comisión*

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 11/12/2014, acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía:



Expte. nº: 2014/075S

Ao amparo do establecido na Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local (arts. 25.2-g e 4.1-a, e concordantes) en relación coas previsións da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e co fin de regular que os servizos urbáns de taxi que se presta no termo municipal de Nigrán se acomoden aos principios de responsabilidade pública, universalidade, accesibilidade e continuidade, pretendendo ao mesmo tempo a calidade na prestación e o respecto dos dereitos das persoas usuarias, así como a incorporación dos avances técnicos correspondentes.

O proceso require diversas actuacións administrativas, entre elas, a de dotar ao servizo correspondente dunha disposición que regule o seu funcionamento.

Polo anteriormente exposto e tendo en conta as determinacións que se conteñen na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e demais disposicións aplicables, proponse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.**- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do Servizo de Taxi do Concello de Nigrán.

**SEGUNDO.**- Continuar o procedemento nos termos previstos na lexislación aplicable e, en consecuencia, someter o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días, no que poderán presentarse reclamacións e suxestións, determinando que, no caso de que non se formulen, o presente acordo provisional quedará automaticamente elevado a definitivo, do que se deixará constancia mediante resolución da Presidencia."

*B) Emenda do grupo Socialista:*

Artigo 12. Requisitos.

O punto 14 quedaría así:

Os vehículos non poderán permanecer en servizo por un tempo superior a 10 anos, quedando automaticamente suspendida a eficacia da licenza, en tanto non se solicite a adscrición dun novo vehículo. Non obstante, e a solicitude do titular, á vista do estado do vehículo poderá autorizarse unha prórroga por un máximo de dous anos, prazo durante o cal deberá adscribir un novo vehículo á licenza.

Artigo 17. Pinturas, distintivos e adhesivos.

O punto 1 quedaría así:

Os vehículos destinados ao servizo de taxi serán de cor branca, sempre a partir da renovación de vehículos unha vez entrada a ordenanza en vigor, e levarán o escudo do Concello de Nigrán (...) continuando tal como está na proposta de ordenanza.

**Deliberación.**- Síntese das intervencións:

*Sr. Alcalde-Presidente:* Trátase de regular o servizo. Servirá para homoxeneizar certos aspectos da apariencia e outras circunstancias. Xa informou aos taxistas desta iniciativa, e estes adiantaron certas propostas que se analizarán na fase de información pública.

*D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista:* Están a favor da regulación. Propoñen mellorar agora aquilo que se entenda procedente. Entre as inquietudes dos taxistas está a de ampliar a dous anos o prazo para a substitución dos vehículos e, no relativo á pintura, cambiala cando se substitúan os vehículos. Pensan que así se mellorarán ás expectativas do sector.

*D. Xavier Rodríguez Pérez; do grupo Mixto:* Pensa que a prórroga dos dous anos pode admitirse se o vehículo ten as condicións axeitadas.

*D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto:* O sector pediu unha regulación municipal. Non foi o Goberno o que promoveu a cuestión. Puido faltar comunicación co gremio antes da aprobación inicial para poder incorporar á Ordenanza certas pretensíons. Parécelle que 4 anos son poucos para o cambio de color. Deberían regularse con mais amplitud mais aspectos, como fan outros Concellos. Actuouse de forma precipitada.

*Sr. Alcalde-Presidente:* A proposta dos taxistas referíase ao expediente das tarifas urbanas, que xa está en trámite. Agora trátase de facer unha regulación sinxela, sen pisar a Lei autonómica. Non ten inconveniente en que se aumenten os anos para o cambio do vehículo, tal e como propón o PSOE.

*Sr. Rodríguez Fernández:* A cuestión do color non lle parece problemática e tampouco o de manter a prórroga para o cambio de vehículo, se está en condicións. Pregunta quen fará este control.

*Sr. Alcalde Presidente:* Entende que será a Policía Local e, no seu caso, a ITV.

*Sr. Fernández Comesaña:* Insiste en que houbo certa desidia ao non preguntar antes aos taxistas. Está de acordo coa emenda do PSOE.


*Sr. Alcalde-Presidente:* A idea é favorecer as pretensíons formuladas, sen complicar innecesariamente a normativa.

**Votación e acordo.-** Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17, PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa, coas modificacións no texto da ordenanza contidas na emenda do grupo Socialista.

### I.3.- XUSTIFICACIÓN DAS ASIGNACIÓNIS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS



A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 11/12/2014, acordou proponer ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

*"La Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, en cuanto a la regulación de las asignaciones económicas a los grupos políticos municipales indica en el párrafo 2 del artículo 73.3 LRBRL:*

*"El Pleno de la corporación, con cargo a los Presupuestos anuales de la misma, podrá asignar a los grupos políticos una dotación económica que deberá contar con un componente fijo, idéntico para todos los grupos y otro variable, en función del número de miembros de cada uno de ellos, dentro de los límites que, en su caso, se establezcan con carácter general en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado y sin que puedan destinarse al pago de remuneraciones de personal de cualquier tipo al servicio de la corporación o a la adquisición de bienes que puedan constituir activos fijos de carácter patrimonial."*

Asimismo, el párrafo 5 añade que:

*"Los grupos políticos deberán llevar con una contabilidad específica de la dotación a que se refiere el párrafo segundo de este apartado 3, que pondrán a disposición del Pleno de la Corporación, siempre que éste lo pida."*

*En base a lo anteriormente expuesto el Grupo Municipal Popular propone los siguientes puntos de acuerdo:*

*1.- El Pleno declara la OBLIGATORIEDAD de cada uno de los Grupos Políticos que conforman el mismo de presentar la contabilidad de ingresos y gastos de las asignaciones realizadas por parte del Ayuntamiento de Nigrán para el funcionamiento de los mismos, en el primer trimestre del año siguiente a aquél a justificar.*

*2.- La contabilidad de presentará en el formato que se acompaña como ANEXO a ésta MOCIÓN, en el Departamento de Intervención General del Ayuntamiento. Se presentará acompañada de los documentos justificativos de la misma.*

*3.- Esta documentación quedará bajo custodia de dicho Departamento y sólo será utilizable para los supuestos reglamentariamente/legalmente dispuestos.*

*4. En el Pleno Ordinario del mes de Abril de cada año el Sr. Interventor General dará cuenta del cumplimiento de éste acuerdo Plenario por parte de todos los Grupos Políticos Municipales"*

#### **Deliberación.- Síntese das intervencións:**

*D. Alberto García Pazos; concelleiro Delegado: A Comisión por unanimidade fai a proposta. Le a parte dispositiva da mesma. Trátase de facer efectiva a xustificación prevista na lei.*

*D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto: Non cumpriron os compromisos de reunir previamente aos portavoces. El non está nesa Comisión Informativa. No fondo coincide e*

presentarán as contas calquera que sexa o modelo.

*Sr. García Pazos:* É un modelo sinxelo, recomendado polo Tribunal de Contas. Ven ao pleno para asumir, de xeito transparente, o compromiso de cumplir con esa obriga.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Tamén se pode cambiar o modelo, se así se acorda.

**Votación e acordo.**- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17: PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos, a proposta da Comisión Informativa.

## **II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBIERNO**

### **II.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 3 de novembro de 2014 e o 28 de novembro de 2014, ambos incluídos.


### **II.2.- ROGOS E PREGUNTAS**

1.- *D. Juan Antonio González Pérez: do grupo Socialista:*

1.1.- Todos sabemos que se está humanizando a Rúa Castelao. Hai unha certa inquietude por como vai a quedar a obra de xeito definitivo. Sería moi importante non converter unha posible boa actuación nunha actuación que poida prexudicar aos comerciantes e á xente que ten o seu pequeno negocio na mesma rúa. A obra está en marcha. Rogaría mais diálogo cos propietarios para que a obra sexa boa para todos.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Por algunha cuestión en concreto eu esta semana falei praticamente con todos. Hoxe falei con tres dos seis que son. Se hai algún matiz que nós non saibamos, e se poida saber, perfecto. Pero eu creo que todos debemos estar orgullosos, non de como vai quedar -pódenos gustar mais ou menos-, senón de como se están desenrolando as obras, de forma limpia. Este venres paran, por dereitos recoñecidos no seu Convenio colectivo, e volverán despois do dia de Reis. E creo que están mantendo na medida do posible o acceso; cousa que outra empresa ou outra dirección de obra prohibiría, por cuestiós de seguridade.

*Sr. González Pérez:* Non ten nada que ver co xeito de realizar as obras nin a favor nin en contra, pero se se reúne é porque hai inquietude dos propietarios.



*Sr. Alcalde-Presidente:* Acepto o rogo, porque ademais así está sendo. A única problemática á que me imaxino que se refire xurdio hoxe. O propietario da cafetería Alba, planteou o tema de onde se vai instalar o parque infantil e que a distancia que lle queda de terraza e de 1.5 m. Indicoume que quere meter a pérgola lle dixen que ten que cambiar moito por cuestiós estéticas e que se se pode mover para gañar mais espazo, se fará. Hai unha limitación importante: rexistros da empresa "R", e de luz, que non vamos poñer debaixo do parque infantil, porque pode xerar problemas. Sobre todo se hai unha avaría, teríamos que levantar nós o parque infantil. Son cuestiós que non penso que teñan moita transcendencia sobre todo porque o bar vai a ser o mais beneficiado co parque infantil e vai ter unha terraza mais que de abondo para desfrutar desta nova instalación.

*Sr. González Pérez:* Iso é ao que me refiro. Vai a ter parque, pero non terraza.

#### 1.2.-Pregunta cal é a localización final dos taxis.

*Sr. Alcalde-Presidente:* De momento non hai previsión de máis cambios. Este goberno falou con eles polos cambios das obras e, en principio, a miña previsión é que queden onde están. Non se presentan cambios nin a corto nin a medio prazo.

#### 2.- *Dna. M<sup>a</sup>. Dolores Martínez Losada, do grupo Socialista:*

Eu quero facer un rogo que solicita un veciño de Panxón na Rúa do Mariñeiro nº 30. O rogo é que se lle vaia a valorar o problema co que se encontra, que penso que non hai descoñecemento polo goberno. Este veciño ten un problema de filtración de auga pola canalización das augas pluviais. Estas filtracións están provocando que o muro do peche da súa vivenda se está agretando. E esta cantidade de auga que lle filtra polo muro chega á súa vivenda ata meterse na súa primeira planta. Digo que o goberno xa sodes coñecedores deste problema, porque no ano 2013 estando como Concelleiro de Obras D. Jose Álvarez solicitou que se lle fose a valorar este problema e así foi, presentándose no lugar o Concelleiro, a Policía Local; e algunha persoa de Aqualia. Se valorou este problema e se fixo algunha obra pero o problema aínda non está resolto, porque non lle entra tanta cantidade coma antes, pero segue filtrando. E como algúñ dia tratou de reunirse persoalmente co Alcalde e non o conseguiu, o día 9 de setembro presentou unha reclamación por rexistro para que se lle volva a valorar este problema, porque lle segue entrando auga. El non reclama ao Concello os danos ocasionados na súa vivenda. O único que reclama é que se repare este problema, porque esta correndo o risco de que a compañía aseguradora da vivenda non se faga cargo dos danos. O rogo é sinxelo; pasen por alí a valoralo, porque este señor está preocupado por se este muro se derruba sobre a súa vivenda ou sobre a vía pública. Gustaría que constase en acta que este señor está preocupado por ese muro e por esas filtracións.

*Sr. Alcalde Presidente:* Tomaremos nota, e como xa somos coñecedores do problema, porque algo xa fixemos, trataremos de resolver ese problema.

#### 3.- *D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto:* Eu desta volta non vou facer rogos simplemente desexarlles bo nadal a todos.

**4.- D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo mixto:**

4.1- Un rogo. Na praia da Madorra, a altura da parada do autobús, había colocado un banco de madeira e desapareceu hai un par de anos. Plantéolle este rogo facendo eco dunha demanda vecinal onde piden a súa reposición. Na mesma zona; había un paso peonil que antes estaba sinalizado cunha sinal vertical e agora non está. Se conserva o poste, pero non a sinal vertical. Rogo que as repoña a maior brevidade posible.

4.2.- Outro rogo, en relación ca poda de arbores, que vai con bastante atraso. Empezaron pola Ramallosa, agora seguen na Rúa Reverendo. O rogo é que activen a poda en todos os sitios,. En Praia América e tamén no entorno do Templo Votivo en Panxón.

*Sr Alcalde-Presidente:* As arbores de Panxón igual non pode ser, porque non son do Concello. Os plataneiros do entorno da igrexa non nos corresponde podalos ao Concello.


*Sr. Fernández Comesaña:* Creo que é unha colaboración que viña facendo o Concello co bispado e penso que facelo non é nada problemático.

4.3.- Recentemente nós soubemos pola prensa que o abastecemento de auga no Porto do Molle tiña problemas de potabilidade e se aconsellaba non consumir auga. Pasados uns días díciase que era un tema puntual que había quedado resolto. Realizadas averiguacións puidemos comprobar que existe un problema grave de cloro por falta de consumo no polígono. A solución que se ven adoptando a todo o polígono é o baleirado da tubería de auga con unha certa periodicidade de entre dous e tres días. Como ata a fecha non temos información oficial; gustaríame saber cal é o alcance deste problema e que soluciones se pensan adoptar ao respecto para evitar ese despilfarro de auga, sobre todo de cara o verán.

*Sr. Alcalde-Presidente:* O problema foi puntual, iso é certo. Aqualia indicounos que as tuberías están dimensionadas para un consumo que non está habendo e esta pouca demanda de consumo de auga é precisamente o que produce o problema. De momento esta situación se resolve con este baleirado que xera un custe, pero Aqualia non transmite unha solución mellor. As dimensións das tuberías que se instalaron no seu día era para dar abastecemento á totalidade do parque e neste momento o parque non funciona ao 100%. Notificareille o que Aqualia nos di, se hay novedades.

4.4-¿Por que se plantexa un contencioso administrativo contra a APLU en relación cun muro construído en solo non urbanizable, solo rústico de ordenanza 12 en Panxón?. ¿Por que a APLU di que se nega a actuar neste aspecto e que sexa o Concello o que exerza as esas competencias disciplinarias? Resulta que agora, despois de que vostedes rechazarán a moción de saída da APLU por inoperante, esta agora se nega a actuar precisamente ademais en solo rústico, que é onde ten a competencia. ¿Existen mais casos?

*Sr. Alcalde-Presidente:* Si, existen mais casos e o que non se me pode dicir é que non actuamos, porque cando a APLU non asume as súas competencias, vaise ao xulgado con ela. Ante a resolución do Xulgado vamos ter claro o que temos que fazer. Hai unha cuestión puntual que a APLU di que non é competencia dela, e nós como Concello consideramos que si. E como hai un conflito e un convenio, e non se resolve de xeito



amistoso, pois acúdese ao Xulgado.

*Sr. Fernández Comesaña:* Resulta sorprendente que despois de delegar competencias na APLU, esta delegue no Concello. É algo paradóxico. Parece bochornoso.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Outra cousa sería que eu fose permisivo e aceptase todo o que pide a APLU. Se o que me di a APLU é unha cousa e o Concello pensa o contrario, e temos un convenio no que non hai acordo nun momento puntual, iremos ao Xulgado. Lle recordo o exemplo de Zona Franca. Hai varios casos, e por iso decidimos levar un caso ao Xulgado; que sexa un xuíz quen se pronuncie.

4.5.- Eu fixen un rogo no pleno pasado de que puxera uns planos e o alzado do resultado das obras (zona peonil ao lado do Concello) para que os veciños poidan ver como vai quedar. Non sei a que ven tanto escurantismo.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Sin problema. Era por aforrar cartos. Se o problema non é que os veciños veñan a preguntar. Iso é unha virtude. ¿Vostede sabe cantas obras hai no Concello de Nigrán? Non hai ningunha con planos e iso non quere dicir que haxa escurantismo.

*Sr. Fernández Comesaña:* Penso que é unha obra complexa cuestionada amplamente polos veciños e o menos que pode facer vostede é informar.

*Sr. Alcalde-Presidente:* Xa lle dixen o outro día que para min os veciños teñen todo o respecto e merecen que os reciba persoalmente.

A todos os corporativos e todos os veciños aquí presentes, desexarlles unhas felices festas, e que o ano 2015, sen non nos vemos antes, sexa un bo ano.

\*\*\*

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.